



PLAN DIXITAL

CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE

Dirección: AV. Casanova de Eirís, 26. 15009 A CORUÑA

Tlf. : 981133029

E-mail: ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es

Nº ALUMNADO EI: 150

Nº ALUMNADO DE EP: 323

Nº PROFESORADO: 39

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

Entorno Físico.- O CEIP. Juan Fernández Latorre sitúase no barrio coruñés do Castrillón, ao lado do cemiterio de Santa María de Oza e do Centro Cívico Biblioteca do Castrillón e a Praza de Pablo Iglesias. O recinto sitúase no corazón do barrio, nunha zona chea de dotacións e servizos ben equipada e comunicada.

Nivel Económico.- A poboación da barriada na que se atopa o Colexio corresponde, en liñas xerais, a un estrato socioeconómico de perfil entre medio baixo e medio alto. A zona continúa en expansión e crecemento, as vivendas teñen un prezo non excesivamente elevado, o que fai que sexan habitadas por parellas xoves, en idade de ter fillos para escolarizar, razón pola que a demanda de prazas roza anualmente o 100 %, e mantendo unha previsión de aumento a medio prazo, dado as crecentes e inmediatas reformas estruturais que están acontecer nesta zona da cidade, coa urbanización das rúas do entorno, de Eirís e o Parque de Oza. De todos os xeitos trátase dun aumento estable e sostido no tempo. A presenza de familias inmigrantes continúa sendo menor que noutros barrios da cidade e non presentan, de momento, dificultades significativas de integración na vida escolar, nin no barrio.

Nivel Sociocultural.- O nivel sociocultural correspóndese co nivel económico. Abunda a clase obreira, empregados e funcionarios. En canto ao movemento social e cultural do barrio destacamos que é unha zona con moita actividade impulsada principalmente polo Centro Cívico municipal e a súa Biblioteca, tamén pola asociación de veciños IAR, pola asociación folclórica Donaire, e polo ANPA do Colexio. Con todos eles, por suposto, o noso centro de ensino colabora ano tras ano na promoción e desenvolvemento de diferentes actividades. Toda esta actividade socio cultural tradúcese na sensación de estar nun barrio dinámico onde o traballo conxunto de todas as institucións antes nomeadas e as súas xentes fai que o Castrillón adquiera e teña unha identidade propia

nos ámbitos sociais, educativos e culturais da cidade de A Coruña, que ademais conta con recoñecemento social.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

Temos un consenso de toda a comunidade escolar, de introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación na práctica educativa cotián do centro. Participamos en distintos programas de innovación educativa como Abalar e E-Dixgal. Fomentouse a formación do profesorado no uso e emprego das novas tecnoloxías. Neste eido sinalar a participación en cursos sobre a Aula virtual e neste curso na formación sobre a Impresora 3D. A participación na formación do profesorado sempre foi maioritaria e permitiu ir avanzando aos poucos na elaboración de produtos educativos propios e na incorporación destes na práctica educativa cotián.

O noso espazo web achega unha imaxe dinámica do centro, amosa as diferentes actividades dun xeito aberto, permitindo a todos o usuarios coñecer os nosos documentos e programacións ao tempo que é un escaparate da actividade do centro.

Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.

Os programas relacionados coas novas tecnoloxías nos que participa o noso centro son Abalar e E-Dixgal.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que no Plan de acción van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico. Por outra banda, terase que determinar, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa aplicable en relación ao Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Participamos nun PFPP para a elaboración do Plan Dixital de Centro. O equipo encargado de realizar o Plan Dixital estivo formado polos membros do Equipo Directivo e o Coordinador TICs.

Na elaboración do Plan Dixital, e dado que se estableceu un curso dentro da aula dixital do ADIX, o coordinador tivo que participar neste curso e foi o encargado de transmitir as tarefas a realizar e de coordinar todo o proceso.

Comezamos coa realización do SELFIE por parte do profesorado que levaba un ano do centro e posteriormente todo o profesorado fixo o Test de Competencia Dixital que nos permitiu coñecer o nivel do que partíamos. Fixemos reunións de todo o equipo para establecer as liñas xerais. Nalgúns casos o proceso de redacción dalgúns dos traballos fíxose de maneira individual, por lle dar un carácter máis eficiente ao proceso, e logo puxéronse en común e rectificáronse co grupo ao completo, recollendo as achegas de todos/as os/as participantes.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Juan Fernández Latorre está dotado actualmente dunha conexión a internet de fibra óptica con velocidade ata 1GB (non en tódalas dependencias) e conexión wifi deficitaria na maior parte do centro. Posúe tamén aulas dotadas de conexión "wifi abalar" e "edu.xunta.es". Todo isto está centralizado nun armario de conexións totalmente desorganizado que precisa dunha profunda revisión para a súa mellora.

Actualmente temos 19 aulas de infantil e primaria dotadas de ordenador, PDI, proxector e conexión a internet por cable realizada polo propio centro. De todas elas, 6 pertencen ao proxecto EDIXGAL co seu respectivo equipamento e con conexión "wifi abalar" e "edu.xunta.es". Contamos tamén con dúas aulas de informática con conexión a internet por cable, PDI e equipos obsoletos de máis de 10 anos de antigüidade que precisan renovación.

A biblioteca do centro está dotada dun ordenador de sobremesa para a súa xestión, proxector e dous equipos máis utilizados polo alumnado para consulta. O departamento de orientación conta cun equipo de sobremesa e impresora. O resto de aulas de PT e AL, un total de 5, contan con ordenador portátil. Todas elas con conexión a internet por cable.

Na sala de profesores existen dous ordenadores de sobremesa (conexión a internet por cable) e dous portátiles (conexión a internet por wifi) para uso do profesorado. A dirección, xefatura de estudos, secretaría e administración están dotados de equipos de sobremesa con máis de 10 anos de uso e con conexión por cable. Así mesmo temos unha aula móbil dotada de ordenador portátil e PDI con conexión a través de USB.

Con respecto aos servizos dixitais educativos o centro ten en funcionamento unha páxina web con actualizacións constantes onde se amosa toda a información relevante. Así mesmo, está totalmente operativa a Aula Virtual actualizando permanentemente o seu contido. Outros servizos como Abalar Móbil se utiliza frecuentemente para a comunicación coas familias.

Destacar que o centro pertence ao proxecto EDIXGAL dende o ano 2015 con equipamento, nalgunhas aulas, algo antigo que precisa de renovación para o seu correcto funcionamento.

As tarefas de mantemento diario son levadas a cabo principalmente polos coordinadores TICS e EDIXGAL.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,3				

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	24	83,3%
PROVISIONAL	9	11	81,8%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%
OUTROS	1	2	50%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

75,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)
------	-------------------	------	-------------------

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	66,6	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	82,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,9%
A2	15	42,9%
B1	13	37,1%
B2	4	11,4%
C1		
C2	2	5,7%
TOTAL	35	100%

Outras fontes: O análise cualitativo realizouse cas opinións e achegas do equipo directivo e outro persoal docente que leva máis anos no centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. C2. Dispositivos dixitais para a ensinanza (temos dispositivos dixitais para a ensinanza. EDIXGAL)</p> <p>2. C1. Infraestrutura (respalda o proceso de E-A con tecnoloxías dixitais. Conexións por cable en cada aula, aulas de informática,..).</p>	
	PERSOAL DOCENTE		

		<p>1. D2. Participación en el DPC (acceso a cursos para o aprendizaxe e uso das tecnoloxías dixitais).</p> <p>2. F1. Adaptación as necesidades do alumnado.</p> <p>3. E4. Comunicación coas familias utilizando ferramentas dixitais.</p>	<p>1. D3. Intercambio de experiencias (necesidade de colaboración sobre as necesidades de DPC e o intercambio de experiencias).</p> <p>2. F6. Proxectos Interdisciplinares. Necesidade de fomentar a participación en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. E3. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe. Aumento do uso del AULA VIRTUAL durante as clases.</p> <p>4. B1. Realizar unha avaliación do progreso en materia de E-A con tecnoloxías dixitais.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. H8. Aprender a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. O alumnado aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais</p> <p>2. H10. Habilidades dixitais para diferentes materias. O alumnado utiliza a tecnoloxía en diferentes áreas.</p> <p>3. F4. O uso da tecnoloxía aumenta a motivación do alumnado</p>	<p>1. H7. O alumnado aprende a crear contidos dixitais</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. A2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado (colaboración entre equipo directivo e o profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital de centro).</p>	<p>1. B4. Sinerxías para o aprendizaxe mixto (falta de colaboración con outros centros/organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais).</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.G10. Avaliación das capacidades desenvolvidas fora del centro.</p>	<p>1.A4. Tempo para explorar a ensinanza dixital (administración non permite tempo ao profesorado nos seus horarios para que se produza esta exploración).</p> <p>2. G9. Empleo de datos para mellorar o aprendizaxe. A administración debe facilitar</p>

			programas adaptados as diferentes etapas e cursos.
LEXISLACIÓN			
CONTORNA	1. Institucións coas que colaboramos que traballan en entornos dixitais		1. Matrícula elevada, 100% de ocupación de prazas escolares.
ANPA	1. Apoia-se no centro educativo para publicar información na web ou utilizar abalar móbil. 2. Seguimento elevado das comunicacións virtuais do centro.		
OUTRAS ENTIDADES	1. Iniciativas públicas e privadas para traballar o desenvolvemento dixital da comunidade educativa.		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento(C)						
OBXECTIVO 1: (1)	Manter unha correcta actualización de dispositivos dixitais do centro ao marxe de EDIXGAL				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo + coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de equipos actualizados con máis de 10 anos					
Valor de partida: (3)	5% actualizados					
Valor previsto e data: (4)	80% actualizados			30/04/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades de substitución/incorporación	Persoa coordinadora das TIC	30/10/22	- Sesión semanal coord TIC - Sesión semanal coord EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar á AMTEGA e á Dirección do centro os equipos necesarios	- Persoa coordinadora das TIC	30/11/22	- Reunión co Director - Escrito da Dirección a AMTEGA - Entre 5000 e 10000 euros dos fondos do colexio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Mercar e recibir os dispositivos	- Dirección do centro	28/02/23	- Horas de coordinador TIC - Mantemento empresa externa - Seguimento do ED		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento(C)						
OBXECTIVO 2:	Solicitar a renovación do equipamento EDIXGAL y aumento de la conexión E-Dixgal a todo el centro para continuar cun funcionamento práctico e fluído				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de equipos que superan os 5 anos de uso continuado.					
Valor de partida:	30 de xuño de 2022 100% equipos cumprán 5 anos, 6 aulas con conexión E-Dixgal					
Valor previsto e data:	100% de reposición no curso 22-23, 100% de conexión en todo o Centro					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitar a substitución de portátiles de alumnado e profesorado	- Coordinador Edixgal - Dirección	1º trimestre 22-23 20 de decembro de 2022	- 110 portátiles alumnado - 8 portátiles profesorado - 4 portátiles aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Inventariado, etiquetado e distribución do equipamento	- Coordinador EDIXGAL - Coordinador TIC - Tutores do 3º ciclo	1º trimestre 22-23 20 de decembro de 2022	- Horas libres - Circular informativa a familias - Documentos de cesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Solicitar a UAC o aumento da capacidade de conexión wifi en todos os espazos do Centro	- Dirección - Coordinador Edixgal	1º trimestre 22-23 20 de decembro de 2022	- Rede wifi Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F: Pedagogía implementación na aula						
OBXECTIVO 3:	F6. Necesidade de fomentar a participación en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo + coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.					
Valor de partida (3)	Ningún					
Valor previsto e data (4)	Completar un auténtico Proxecto interdisciplinar ao finalizar o curso 22-23			15/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1:Propostas de posibles proxectos	Equipo Directivo Coordinador TIC Coordinadores Ciclo Coordinadores EDLG	15 de Outubro 22	Reunións de setembro e outubro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Selección do proxecto elixido	Claustro	25 de Outubro 22	Reunión de Claustro +PFC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Desenvolvemento do proxecto elixido	Profesorado implicado	31 de maio de 2023	<ul style="list-style-type: none"> ● Aulas de informática ● 1-2 horas semanais personales ● 1 reunión quincenal do grupo ● Web do Centro para difusión+ Aula virtual 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 4: (1)	Aumentar a utilización da aula virtual na actividade lectiva-docente				Acadado	
Responsable:	Equipo docente de 4ºEP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de conexións do alumnado e tarefas creadas					
Valor de partida: (3)	Conexións no final do curso 21-22					
Valor previsto e data: (4)	Duplicar a cantidade conexións e actividades na plataforma			15/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reorganizar a aula virtual e matricular ao novo profesorado	Coordinador TIC - EDIXGAL	30/09/23	Horas de coordinación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Xornada de formación: Creación e publicación básicas	Coordinador TIC- EDIXGAL	15/10/22	Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Publicación de recursos, tarefas, cuestionarios, etc, e utilización semanal da aula virtual	Profesorado e alumnado	15/06/23	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 5: (1)	Aumentar a utilización de rexistros de avaliación baseados en rúbricas dentro de EDIXGAL				Acadado	
Responsable:	Coordinador EDIXGAL e Profesorado de 5º e 6ºEP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de rúbricas elaboradas nas diferentes áreas					
Valor de partida: (3)	Entre 3 e 10 rúbricas no final do curso 21-22 en ningunha area plenamente avaliada a través de Edixgal					
Valor previsto e data: (4)	Elaboración e aplicación de unha rúbrica por cada area e cada avaliación e unha materia plenamente avaliada a través da plataforma Edixgal.			15/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Promover unha xornada formativa sobre avaliación en EDIXGAL	Coordinador EDIXGAL	31/10/22	Plataforma EDIXGAL e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Elaboración de rúbricas en cada avaliación e aplicación real co alumnado	Profesorado de 5ºe 6ºEP	20/06/23	Plataforma EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Seguimento da elaboración e aplicación das rúbricas	Equipo de 3º ciclo	30/11/22 30/03/23 30/05/23	Plataforma EDIXGAL Reunións de ciclo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional contínuo (D)						
OBXECTIVO 6: (1)	Favorecer o intercambio de experiencias de éxito, no contexto de transformación dixital, dentro do centro e con outros centros da contorna				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de experiencias intercambiadas					
Valor de partida: (3)	0 experiencias intercambiadas no curso 21-22					
Valor previsto e data: (4)	Entre 3 e 5 experiencias intercambiadas internas e dúas externas.			15/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Organizar unha xornada de intercambio de experiencias internas-externas por trimestre	Dirección	22/12/22 30/03/23 30/05/23	Horario de tarde do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Pescudar experiencias de éxito aplicables á dinámica do noso centro	Dirección Coordinador TIC	20/06/23	Web da Consellería, webs doutros colexios, CFR Coruña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 7: (1)	Promover a comunicación entre o profesorado e familias a través da aplicación Abalar Móbil e/ou Abalar ProE				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de de profesorado que realiza comunicacións coas familias a través de Abalar (enquisa)					
Valor de partida: (3)	40%					
Valor previsto e data: (4)	90%			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Realizar unha formación básica sobre a descarga, posibilidades e uso de Abalar Pro	Coordinador TIC, Edixgal e Equipo directivo.	30/09/2022	Dispositivos móbiles Material informático Material de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Incorporar unha titorización e seguimento da utilización do recurso nos diferentes reunións mensuais de ciclo.	Coordinadores-as de equipos de ciclo.	22/06/202	Espazos de reunión de ciclo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 8: (1)	Fomentar entre o alumnado a elaboración de recursos educativos e material de apoio dixitais				Acadado	
Responsable:	Titorías				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Cantidade de recursos creados entre o alumnado durante o curso					
Valor de partida: (3)	Entre 0 y 3 por aula de 4º a 6ºEP					
Valor previsto e data: (4)	Entre 3 y 6 por aula de 4º a 6ºEP			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Crear unha sección de traballo dentro do PFCC para a mellora da competencia dixital do alumnado.	Integrantes do PFCC	20/06/2023	Portátiles, tablets, robótica, impresora 3D		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Retomar a creación dun espazo maker no centro	Equipo directivo Coordinador TIC	20/06/2023	Espazo/aula con conexión a internet, robótica, impresora 3D,		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Utilizar a creación de recursos en liña para o desenvolvemento de diferentes competencias.	Titores-as, Equipo Directivo e coordinador TIC	31/05/2023	Canvas, Genialy, (suscripción educativa)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que supoñan un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O Ceip Juan Fernández Latorre presenta as seguintes necesidades:

Infraestruturas

- Armario de conexións centrais totalmente desorganizado que precisa dunha renovación.
- Conexión wifi deficiente. Xa está solicitada á UAC a amplificación da rede "edu.xunta.es" a todo o centro educativo.

Equipamento

- Equipos para aulas de informática(total 30) , PDI(2) e proyector (2)
- Equipos para administración (4)
- Equipos para aulas docentes con PDI, proyector e altofalantes(14 aulas + 4 aulas EDIXGAL)
- Equipos para sala de profesores (4) e impresora.
- Equipos para biblioteca (3)
- Equipos para departamento de orientación (5)
- Equipo para aula de música, PDI, proyector e altofalantes(1)
- Equipo para aula de relixión, PDI, proyector e altofalantes (1)
- Equipo para salón de actos, proyector (1)
- Equipo para conserxería (1) para funcións de reprografía.

4. Avaliación do plan

O plan, a súa posta en marcha e a valoración dos resultados acadados, será avaliado ao remate de cada trimestre do curso. Nesta avaliación procesual se propoñerán medidas de mellora no caso de se detectar erros no plan, na súa temporalización o nos resultados acadados. Para realizar este proceso reunirse o equipo de TICs, que valorará, en función dos datos recollidos previamente o nivel de cumprimento dos indicadores de logro. Ao remate do curso se realizará unha avaliación final dos logros acadados na realización deste plan, valorarase o nivel de cumprimento dos obxectivos e se propoñerán os xeitos de mellorar a consecución dos mesmos.

Os encargados da realización desta avaliación final será o equipo de TICs, que remitirá o seu informe para o estudo e aprobación por parte do claustro de mestres.

5. Difusión do plan

O plan será publicado na páxina Web do centro. Así mesmo, nas reunións iniciais de curso, e nas de trimestre, se incluírá este punto de información do plan dixital e do plan de comunicación nas ordes do día das reunións. Tamén se elaborará un informe final dos obxectivos acadados do plan que reflectirase na Memoria final de curso.

A Coruña, 10 de Xuño de 2022